



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Urbanística 2	Código	630G01024	
Titulación	Grao en Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo			
Coordinación	Creus Andrade, Juan Jose	Correo electrónico	juan.creus@udc.es	
Profesorado	Beltran Pedreira, Jose Ricardo Conde Garcia, Jesus Creus Andrade, Juan Jose Gallego Picard, Pablo Llamazares Castro, Jesus Vazquez Mosquera, Jose Manuel	Correo electrónico	ricardo.beltran@udc.es jesus.conde@udc.es juan.creus@udc.es pablo.gallego@udc.es j.llamazares@udc.es jose.vmosquera@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O curso plantease como unha introducción xeral aos diversos temas que se desenrolarán máis adiante en sucesivas asignaturas da area de urbanismo. Tratarase de introducir ó alumno na disciplina urbanística, familiarizándoo con coñecementos de carácter instrumental e básico que faciliten, en niveis superiores, o seu enfrontamento co proxecto de escala territorial e urbana. A asignatura estrutúrase en dúas partes: teoría e práctica, estreitamente relacionadas e que se desenrolan paralelamente ao longo do curso. A avaliación do alumno dependerá, ademais da súa participación na materia específica, na que se estima unha asistencia mínima obrigatoria dun 80%, da participación e entregas realizadas no conxunto do Taller 5, a onde se vincula a parte do contido práctico da asignatura.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O estudante debe saber o que é a cartografía e como se elabora. Debe saber como se utiliza, recoñecer a súa linguaxe, os elementos que a compoñen, así como a metodoloxía utilizada para coñecer e representar o medio, tanto dende a súa compoñente física, como construída e humana.			
O estudante debe saber o que é a cartografía e como se elabora. Debe saber como se utiliza, recoñecer a súa linguaxe, os elementos que a compoñen, así como a metodoloxía utilizada para coñecer e representar o medio, tanto dende a súa compoñente física, como construída e humana.			
O estudante debe de saber da normativa aplicable ao espazo de estudio, recoñecer os niveis de aplicación e coñecer a estrutura dos documentos urbanísticos. Debe saber establecer límites de solo, recoñecer cualidades e propoñer o seu uso axeitado.			
O estudante debe de saber da normativa aplicable ao espazo de estudio, recoñecer os niveis de aplicación e coñecer a estrutura dos documentos urbanísticos. Debe saber establecer límites de solo, recoñecer cualidades e propoñer o seu uso axeitado.			
O estudante debe coñecer o significado dos elementos e relacións que definen a estrutura urbana, entendendo as consecuencias do manexo da tipoloxía edificatoria e o deseño do espazo público. Debe saber describir unha tipoloxía arquitectónica feita por el e definir o espazo público relacionado coa mobilidade e a estancia			



O estudante debe coñecer o significado dos elementos e relacións que definen a estrutura urbana, entendendo as consecuencias do manexo da tipoloxía edificatoria e o deseño do espazo público. Debe saber describir unha tipoloxía arquitectónica feita por el e definir o espazo público relacionado coa mobilidade e a estancia.			
O estudante debe alcanzar a competencia para dirixir e integrarse nun equipo multidisciplinar capaz de elaborar documentos de información urbanística relacionados coa ordenación do territorio, a diferentes escalas, interpretando a normativa urbanística e os elementos da estrutura urbana dende unha óptica propositiva.			
O estudante debe alcanzar a competencia para dirixir e integrarse nun equipo multidisciplinar capaz de elaborar documentos de información urbanística relacionados coa ordenación do territorio, a diferentes escalas, interpretando a normativa urbanística e os elementos da estrutura urbana dende unha óptica propositiva.			

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: INFORMACIÓN URBANÍSTICA	I.I. CONCEPTO I.II. FONTES I.III. CARTOGRAFÍA. GIS I.IV. METODOLOXÍA. MEDIO FÍSICO I.V. METODOLOXÍA. MEDIO CONSTRUIDO E HUMANO
MÓDULO II: MARCO LEGAL	II.I. LEXISLACIÓN II.II. CLASIFICACIÓN DO SOLO II.III. INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO TERRITORIAL II.IV. INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL
MÓDULO III: ESTRUCTURA URBANA	III.I. ESPACIO PÚBLICO E SISTEMAS III.II. USOS DO SOLO E PARCELACIÓN III.III. TIPOS EDIFICATORIOS III.IV. PAISAXE URBANO

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro		30	60	90
Saídas de campo		3	3	6
Discusión dirixida		2	0	2
Actividades iniciais		1	0	1
Proba obxectiva		1	0	1
Traballos tutelados		7	0	7
Proba de resposta múltiple		1	0	1
Análise de fontes documentais		5	0	5
Esquemas		2	0	2
Portafolios do alumno		3	0	3
Prácticas a través de TIC		5	0	5
Lecturas		12	0	12
Sesión maxistral		13	0	13
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	traballo de análise, planificación territorial e deseño urbano. Desenrólase vinculado ao Taller 5, onde se definen os contidos da práctica, obxectivos, documentación e entregas.



Saídas de campo	considerárase fundamental o coñecemento do territorio obxecto do análise, polo que a visita ao lugar elixido para o traballo é fundamental.
Discusión dirixida	os resultados do obradoiro serán obxecto de discusións dirixidas ao longo do curso.
Actividades iniciais	presentación das actividades a realizar no curso e inicio da busca a partir da descrición de fontes documentais básicas
Proba obxectiva	proba utilizada para avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc, aplicable tanto para a avaliación diagnóstica, formativa ou aditiva e pode conter tanto preguntas escritas de resposta múltiple, escritas de resposta curta, longa e de xeito gráfico.
Traballos tutelados	traballos de busca de información, análise ou resumo en paralelo co traballo do obradoiro.
Proba de resposta múltiple	proba obxectiva que consiste en preguntas directas con varias opcións de resposta das que unha de ellas é válida.
Análise de fontes documentais	técnica metodolóxica na que se utilizan documentos audiovisuais e bibliográficos relevantes para a temática da materia e que forman parte non só da aproximación á solución dos traballos a resolver senón contido relevante dos mesmos.
Esquemas	consiste na elaboración de síntesis dos principios contidos dos traballos, sendo un recurso óptimo que falcita a comprensión da realidade e a explicación das propostas.
Portafolios do alumno	documentos de resumo gráfico e escrito que explican partes concretas dalgún traballo específico realizado como as maquetas que se realizan no curso ou a posta en orde da información urbanística.
Prácticas a través de TIC	control do traballo individual das prácticas do obradoiro mediante TIC.
Lecturas	ao longo do curso indícanse unha serie de lecturas de apoio que son de grande utilidade para facilitar o entendemento e asimilación dos coñecementos teóricos así como para establecer pautas e abrir posibilidades que orienten o traballo no obradoiro.
Sesión maxistral	os distintos temas relevantes para o desenvolvemento do obradoiro serán obxecto de sesións maxistrais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo Discusión dirixida Obradoiro Traballos tutelados Lecturas	Centrarase no seguimento do traballo realizado polos alumnos, no que se pretende se apliquen os coñecementos explicados na teoría.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva		Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva, teóricos e prácticos, do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva que pode conter tanto preguntas escritas de resposta múltiple, escritas de resposta curta, longa e de xeito gráfico.	50
Obradoiro		O traballo final valorarase nas súas vertentes analítica, planificadora e de deseño. Parte do traballo práctico estará relacionado coa práctica do Taller 5, de tal maneira que, tanto o texto como as entregas formarán parte dos contidos do mesmo. As entregas serán únicas e para a avaliación do alumno será imprescindible ter participado e entregado de forma completa o traballo do taller.	50

Observacións avaliación



Trátase dunha Avaliación Continua, controlada mediante a asistencia a clase completada coa realización de probas teórico-prácticas que permiten comprobar que o estudante asimilou os contidos conceptuais e procedimentais propios da asignatura. A avaliación do alumno dependerá, ademais da súa participación na materia específica, na que se estima unha asistencia mínima obligatoria dun 80%, da participación e entregas realizadas no conxunto de Taller 5, a onde se vincula parte da práctica da asignatura. Tanto a non realización das probas propostas como o incumprimento de asistencia ou de entregas suporá un Non Presentado como calificación da convocatoria. En calquera caso, a calificación final da asignatura será valorada coa media que resulta das calificacións tanto das probas escritas e examen como as probas teórico prácticas. O coñecemento do alumno deberá estar sempre en calquera de elas por riba do 50%. A avaliación do estudante nas convocatorias extraordinarias levarase a cabo mediante a realización dun único exame, se ben aqueles alumnos que non teñan superado a parte correspondente ás probas teórico-prácticas, deberán tamén acreditar a corrección e realización das mesmas. A avaliación do estudante en sucesivas matrículas realizarase polo mesmo procedemento arriba descrito. A docencia a alumnos de programas de mobilidade adaptarase a condicións pedagóxicas e de traballos tutelados especiais, así como as probas e exames de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	Juli Eesteban i Noguera (). Elementos de Ordenación Urbana. AAVV (). Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Manuel Solá Morales (). Las Formas de Crecimiento Urbana. Rafael Moneo y AAVV (). Sobre el Concepto de Tipo en Arquitectura. Kevin Lynch (). La Imagen de la Ciudad. AAVV (). UR. AAVV (). Publicaciones del Laboratorio de Urbanismo. José Fariña Tojo (). Clima, Territorio y Urbanismo. Laboratotio de Urbanismo (). Teoría de la proyectación arquitectónica. Xunta de Galicia (). Legislación del Suelo y Directrices de Ordenación.
Bibliografía complementaria	Manuel Castells (). La Cuestión Urbana. Gordon Cullen (). El Paisaje Urbano. Carlos Martí Arís (). Formas de la Residencia en la Ciudad Moderna. AAVV (). Quaderns. Xosé M. Souto (). Xeografía Humana. Augusto Pérez Alberti (). Xeografía de Galicia. O medio. C. Martínez Caro y J.L. de las Rivas (). Arquitectura urbana. Jan Gehl (). La Humanización del espacio urbano.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Urbanística 1/630G02018
Proxectos 4/630G02016
Proxectos 2/630G02006
Proxectos 3/630G02011
Proxectos 1/630G02001

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxectos 5/630G02021

Materias que continúan o temario

Urbanística 4/630G02032
Proxectos 6/630G02026
Urbanística 3/630G02029

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías